

## 0049 PRESENTACIÓN DE "O PENTAFOL "

PRESENTACIÓN DE "O PENTAFOL " O venres 22 de febreiro, ás 12:00 horas, na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, terá lugar a presentación do libro "O Pentafol" de Alberte Sanmartín Montaña.

Trátase dunha escolma de pezas populares para gaita galega, consta de 418 partituras impresas no método de escritura "Do" e 25 letras de cantigas. Asemade, ven acompañado dun DVD que contén as mesmas partituras en "Re" e todas as pezas -algunhas delas coas suas distintas voces- gravadas co son de gaita en tonalidade Do; un total de 478 arquivos de audio en formato mp3.

O seu autor, Alberte Sanmartín Montaña, e mestre de gaita dende 1987, comenzando a súa actividade musical no grupo "Doces Lembranzas" do Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo.

Membro de grupos como "Xolda", "Sugán", "Sons do Muiño", "Feile" e "Ruaille-Buaille", ten colaborado en directos e gravacións nas súas facetas tanto de gaitero como de letrista con varios artistas, ademais de ser finalista nas 5ª, 7ª e 9ª edicións do concurso de gaitas "Constantino Bellón" de Ferrol.